

O CASTELO

No momento do seu máximo esplendor, a fortaleza da Rocha Forte (s. XIII-XV) foi considerada a maior e máis imponente de Galicia. Era o baluarte do control militar e económico do arcebispo compostelán, e seguramente un dos castelos medievais máis importantes dos reinos cristiáns peninsulares ata a súa destrución no século XV.


A fortaleza, de estilo gótico, conserva restos de dúas das tres murallas que, segundo a documentación histórica, a arrodeaban. Ao longo da primeira liña de muralla, a máis interna, situábanse nove torres de vixilancia, circulares nas esquinas e rectangulares nos flancos, rematadas en ameas. No interior do recinto había unha torre moito maior que constituía o centro administrativo, político e militar do castelo. Desta torre da homenaxe, que houbo de ser a máis alta de Galicia na época, consérvanse apenas os rebaixes de asentala e algúns restos das cimentacións.

O recinto do castelo acollía poboación civil e militar. Posuía un complexo de infraestruturas de canalizacións para o abastecemento de auga e un pozo, cortes para gando e cabalos, almacéns para alimentos, zonas para resgardar a recadación procedente de impostos e tamén unha capela.

Os obxectos recollidos no castelo amosan a dobre función militar e social da fortaleza. Consérvanse dúcias de grandes pedras esféricas que foron lanzadas contra o castelo, pero tamén anacos de cerámicas de luxo e doutros materiais que falan do elevado nivel socioeconómico dos residentes da Rocha Forte.



Recreación de como puido ser o castelo, obra de Xurxo Constenla



Pode consultarse moita máis información sobre persoaxes históricos, episodios, zonas do castelo, mapas e todos os obxectos achados nas escavacións en:
<http://www.rochaforte.info>



GALEGO

ROCHAFORTE



A SÚA HISTORIA

O castelo da Rocha Forte erixiuno a mediados do século XIII o bispo Xoán Arias cunha función inicialmente residencial. Situouse ás aforas de Compostela, nunha área que tamén acollera no seu día poboados prehistóricos así como o trazado da romana Vía XIX, que unía Braga con Lugo. De feito, o castelo pasará a controlar as rutas comerciais que unían a cidade e a catedral compostelá co mar. De aí que, ademais de servir de residencia máis ou menos temporal ao bispo, funcionase como alfândega e centro administrativo.

Baixo o arcebispado de Berenguel de Landoira (a principios do século XIV) o castelo achégase ao máximo esplendor. Nada máis ser designado como arcebispo, fixo uso do castelo como posto de ataque militar contra a cidade compostelá, cuxos burgueses se opuñan ao nomeamento. A fortaleza é, tamén, o lugar onde se protexe o arcebispo do asedio da cidade.

Ao tomar Compostela e recuperar o dominio sobre a arquidiocese, Berenguel de Landoira realizou unha serie de reformas para militarizar e fortificar o complexo defensivo, dándolle un aspecto máis de fortaleza que de pazo residencial.

A destrución final tivo lugar en 1466 baixo o mandato de Afonso Fonseca II. Os Irmandiños, en resposta aos continuos abusos aos que se atopaba exposta a poboación civil, asediaron e conquistaron a fortaleza. O asedio, a lume e pedra, deixou todo o contorno do castelo inzado de pelouros de rocha esféricos, empregados como proxectís.

Posteriormente o castelo foi desmantelado polas autoridades eclesiásticas para utilizar as pedras noutras construcións e polos veciños. Menos dun século despois, como recoñecen as testemuñas locais que declararon no preito Tavera-Fonseca, xa non se conservaban apenas restos visibles do que no seu día fora o castelo.

E así permaneceu case ata os nosos días. A inicios do século XXI efectúanse unha serie de intervencións arqueolóxicas que culminan no 2013 co Proxecto arqueolóxico para o estudo, recuperación e posta en valor da Rocha Forte, financiado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e promovido e coordinado polo Concello de Santiago de Compostela. Na web <http://www.rochaforte.info> pódese consultar toda a información relativa á fortaleza.